

Guía de Admisión de alumnos/as nos centros escolares de Culleredo



CULLEREDO CONCELLO

CONCELLARIA DE EDUCACION,
IGUALDADE E FORMACION.

Introducción

Co fin de facilitar a información e orientación para o **proceso de admisión de alumnos/as en centros sostidos con fondos públicos para este curso no Concello de Culleredo**, recolléñse as normas de cumprimentación da solicitude de admisión así como as datas do calendario a ter en conta polas familias e alumnos/as, ademáis dos baremos de puntuación aplicables, zonas e mapa de escolarización...

Ademáis desta guía, poderase obter información e apoio de xeito presencial no Departamento Municipal de Educación na rúa Andres Pan Vieiro nº 30 e O Burgo ou telefónicamente no número 981 66 12 08



CULLEREDO CONCELLO
CONCELLARIA DE EDUCACION,
IGUALDADE E FORMACION.





¿QUÉ é o Proceso de admisión do alumnado?

É un procedemento legal establecido para facilitar a escolarización do alumnado que se incorpora ao sistema educativo ou cambia de centro. Ten carácter anual e realízase no mes de marzo para a educación Infantil e Primaria.

Dito proceso recollese na seguinte orde:

Orde do 17 de marzo de 2007 (DOGA 19 de marzo de 2007) pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil e educación primaria, en centros docentes sostidos con fondos públicos.





Orientación básicas para a admisión do alumnado

- As **solicitudes** poderán recollerse nos centros escolares.
- **Presentarase unha única solicitude**, dirixida á dirección do centro, no caso dos centros públicos, e ao titular, no caso dos centros concertados.
- A **solicitude presentarase no centro que se solicita en primeiro lugar**. Nela poderán relacionarse ata seis centros, por orde de preferencia.
- Na mesma solicitude os pais, nais ou titores legais **deberán manifestar se desexan o servizo complementario de comedor**.
- Os/as interesados/as, entregada a solicitude, **terán dereito a que se lles expida unha copia ou xustificante, con data e selo**, que acredite a súa petición.
- As solicitudes **fora de prazo** serán remitidas polo centro á Comisión de Escolarización ou poderán presentarse directamente ante a Comisión de Escolarización dirixidas ao inspector.

Será ineficaz a solicitude:

- Cando se presente máis dunha para o mesmo centro ou centros diferentes.
- Cando se comprobe a falsidade ou uso fraudulento da documentación.



Calendario do proceso de admisión

DATAS	ACTUACIÓNS
Na deradeira semana de febreiro	Publicación en cada centro da oferta de prazas dispoñibles.
Do 1 ao 31 de marzo	Presentación das solicitudes nas secretarías dos centros escolares.
Do 1 ao 20 de abril	Presentación da documentación xustificativa que sexa requerida.
Antes do 30 de abril	- Xuntanza do Consello escolar de cada centro co fin de adxudicar as prazas. - Exposición ao público en cada centro da resolución de adxudicación de prazas dos solicitantes coa puntuación obtida na lista provisional. - Prazo para reclamacións: 5 días hábiles.
Reclamacións	- Resoltas as reclamacións, publicaranse os listaxes definitivos. - Remisión á Comisión de Escolarización no prazo de 48 horas de: · Listaxes definitivos de admitidos · Nº de postos escolares non cubertos · Listaxe do alumnado non admitido
Antes do inicio do prazo de matrícula	Publicaranse as resolucións da *Comisión de Escolarización nos centros escolares.
Do 20 ao 30 xuño	Formalización da matrícula. Rematado o prazo de matrícula, a dirección dos centros comunicará á Delegación Provincial as vacantes.

*Comisión de Escolarización. Este organismo adxudica praza a tódolos solicitantes pendentes nalgún centro do Concello. As listas cos novas adxudicacións fanse públicas nos centros educativos.



Documentos necesarios para a admisión do alumnado en E. Infantil e E. Primaria

DOCUMENTOS A PRESENTAR NO MOMENTO DA SOLICITUDE:

1. Impreso de solicitude, que se recolle no mesmo centro escolar.
2. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.
3. Fotocopia do libro de familia donde figure o menor.

BASÁNDONOS NOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN PODEN SOLICITARLLE QUE APORTE A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Certificación expedida polo centro escolar que faga constar a existencia de irmáns no centro.
- Certificado de empadramento: cando coinciden o domicilio familiar e fiscal.
- Certificado de convivencia: cando viva en domicilio distinto daqueles familiares cos que o menor conviva.
En caso de estar separados constará como enderezo familiar o daquel que teña a garda e custodia.
- Escritura de compravenda ou doazón da vivenda, contrato de aluguer ou contrato de alta de recibos actualizados de auga, luz, gas, cando non coinciden o domicilio familiar e fiscal.
- Certificación expedida polo titular da empresa ou responsable de persoal e unha copia do contrato laboral se traballa por conta allea.



- Alta censal inicial, perante a Axencia Estatal Tributaria e a alta na Tesoureria Xeral no Réxime da Seguridade Social correspondente, en caso de traballar por conta propia.
- Fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa, que deberá estar en vigor ou a solicitude de recoñecemento, da mesma.
- Certificación de minusvalía do solicitante, pai, nai, ou titores legais ou algún dos seus irmáns, en caso de posuír unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Criterios de valoración

EXISTENCIA DE IRMÁNS/ÁS NO CENTRO

- Por un irmán/á matriculado/a no centro: **5 puntos.**
- Polo segundo e seguintes irmáns/ás matriculados no centro: **2 puntos, por cada un/unha.**

PROXIMIDADE AO DOMICILIO

- Se o domicilio familiar está situado na área de influencia do centro: **5 puntos.**
- Alumnos/as con domicilio familiar na zona limítrofe á do centro solicitado: **2 puntos.**
- Se o domicilio está situado noutras áreas: **0 puntos.**



POR PROXIMIDADE DO CENTRO AO LUGAR DE TRABALLO

- Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro: **3 puntos.**
- Lugar de traballo do pai ,nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: **1 punto.**
- Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado noutras áreas: **0 puntos.**

FAMILIA NUMEROSA

Por pertenza a familia numerosa: **1 punto.**

POLA RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR

- Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (I.P.R.E.M.): **3 puntos.**
- Ingresos superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao duplo do devandito indicador: **2 puntos.**
- Ingresos superiores ao duplo do indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao triplo do devandito indicador: **1 punto.**
- Ingresos iguais ou superiores ao triplo do indicador público de renda de efectos múltiples: **0 puntos.**

POR DISCAPACIDADE

- Do alumno ou alumna: **3 puntos.**
- Da nai, pai ou titor legal: **2 puntos por cada un deles.**
- Dalgún dos irmáns/ás do alumno ou alumna: **1 punto, por cada un deles.**

Criterios de valoración en Caso de empate

Aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate:

- Maior puntuación no apartado de ter irmáns/ás matriculados/as no centro.
- Ter o pai,nai ou titor legal traballando no centro.
- Maior puntuación no punto de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
- Maior puntuación no punto de discapacidade.
- Maior puntuación no punto de renda da unidade familiar.
- Ter condición de familia numerosa.

Se aínda se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público.



Zonas de Influencia

	CENTRO:	ENDEREZO:	TELEFONO:
ZONA 1	CEP Tarrío	Rúa Paxariñas s/n	981677657
	CRA Culleredo:	A Choeira- Almeiras	981662094
	E.I O Curro	M. Ladrón de Guevara, 53	
	E.I Sésamo	Sésamo-Culleredo	981677705
	E.I Vinseira	Vinseira Pequena- Celas	981677146
	CEIP Ledoño	Ledoño-Culleredo	981668077 981668189
ZONA 2	CEIP Sofía Casanova	Vilaboa – Rutis	981663857
	IES E. Blanco Amor	Avda. Cordeda s/n – Rutis	981667391
	IESP Cruceiro Baleares	Avda. de Salvador Allende	981660700
		s/n- Acea de Ama	
	CPR Rías Altas (concertado)	Estrada da Zapateira	981174371
	CPR Montespiño (concertado ED, primaria e secundaria)	s/n- Rutis	
	CPR Andaina (concertado ED, primaria e secundaria)	Estrada da Zapateira s/n- Rutis	
ZONA 3		Zapateira s/n- Rutis	981284311 981138880
	CEIP I. Díaz Pardo	Rúa Cacabelos ,1 O Burgo	981663514
ZONA 4	CEIP Ría do Burgo	R. José Gómez Bao	981667356
	CPR A Ponte Pasaxe (concertado)	– Rutis	
	EIM A Tartaruga	Avda. Fonteculler- Rutis	981661666
		Rúa das Brañas,4 Fonteculler-Ruti	981666666



Zonificación escolar dos centros públicos de E. Infantil e Primaria de Culleredo.

ZONA 1: CEIP TARRIO

Abarca toda a superficie limitada pola liña central das vías que se citan a continuación considerando só a metade máis próxima do centro de referencia.

PARROQUIAS DE: Castelo, Veiga, Orro, Ledoño, Sesámo, Sueiro, Celas.

Limites coa Zona 3, o límite ven marcado na parroquia de Almeiras:

- Pola autopista A-9.
- Costa da Lonxa, ata o cruce coa Avda. de Alvedro.
- Avda. de Alvedro (entre o cruce anterior e o cruce do aeroporto).
- Avda. Niceto Alcalá Zamora (entre o cruce do aeroporto e o cruce da Hermida).
- Rúa da Hermida ata rúa Vieito.
- Rúa Vieito e rúa Estreita.
- Prolongación da rúa Estreita ata o límite co concello de Arteixo.





ZONA 2: CEIP SOFÍA CASANOVA

Abarca toda a superficie limitada pola liña central das vías que se citan a continuación considerando só a metade máis próxima do centro de referencia.

Límites coa Zona 1:

- Avda. Niceto Alcalá Zamora.
- Rúa da Hermida.
- Prolongación da rúa Estreita ata o límite co concello de Arteixo.

Límites coa Zona 3:

- Rúa Rutis ata a entrada do campo de fútbol do Olímpico.
- Liña recta entre ese punto e o cruce do aeroporto no remate da Avda. Niceto Alcalá Zamora.

Límites coa Zona 4:

- Liña definida desde os Muiños de Acea de Ama ata o nº 1 da Avda. de Rutis, a Rúa Condes de Traba, a Avda. Acea de Ama, a Rúa San Felipe e Salvador Allende.
- Liña desde Salvador Allende ata o nº6 de Condes de Andrade.
- Liña definida desde o nº6 de Condes de Andrade, a Rúa Curros Enríquez, a Avda. da Corveira ata o nº 152 da Avda. de Vilaboa.
- Liña desde o nº 152 da Avda. de Vilaboa ao nº203.
- Liña desde o nº 203 de Avda. de Vilaboa, a Rúa Manuel Antonio e o nº 36 de Antón Vilar Ponte.
- Liña desde o nº 36 de Vilar Ponte, a Rúa Castelao, Rúa Urbano Lugrís, Rúa Xosé Neira Vilas e Rúa Pintor Laxeiro ata Rúa Xeca.

ZONA 3: CEIP ISAAC DÍAZ PARDO

Abarca toda a superficie limitada pola liña central das vías que se citan a continuación considerando só a metade máis próxima do centro de referencia.

Límites coa Zona 1:

- Avda. de Alvedro ata cruce coa Rúa Costa da Lonxa.
- Rúa Costa da Lonxa ata o paso da Autopista A-9.
- Autopista A-9 ata o seu paso na Ría do Burgo.
- Avda. Niceto Alcalá Zamora, desde o cruce do aeroporto coa Avda. de Alvedro e liña recta ata a entrada do campo de Fútbol do Olímpico.

Límites coa Zona 2:

- Liña definida polo Museo dos Muiños e Avda. de Rutis, ata o campo do Olímpico.

ZONA 4: CEIP RÍA DO BURGO

Abarca toda a superficie limitada pola liña central das vías que se citan a continuación considerando só a metade máis próxima do centro de referencia.

Límites coa Zona 2:

- Límite co concello de A Coruña entre a Ría do Burgo e o cruce do Río de Quintas coa Avda. Miguel González Garcés.
- Rúa Pintor Laxeiro completa e prolongación ata Rúa Xeca.
- Rúa Xosé Neira Vilas completa.
- Rúa Urbano Lugrís completa.
- Rúa M. Antonio completa, Antón Vilar Ponte (a partires do nº 36 inclusive), Rúa Castelao completa ata o cruce de Urbano Lugrís.

- Avda. de Vilaboa a partires do nº 152 nos pares, e Avda. de Vilaboa a partires do nº 203 nos impares.
- Avda. da Corveira (todos os números) e rúa Manuel Curros Enríquez (todos os números).
- Rúa Condes de Andrade ,a partires do nº 6 ,incluído.
- Liña definida desde o nº 6 de Condes de Andrade ata Salvador Allende.
- Rúa Salvador Allende e rúa San Felipe.
- Rúa Condes de Traba e nº 1 da Avda. de Rutis.
- Avda. Acea de Ama ata cruce Avda. de Rutis.

Lonificación escolar dos centros Privados – concertados de Culleredo

ZONA 1 : CPR RÍAS ALTAS, CPR ANDAINA, CPR MONTESPIÑO

Tendo en conta a ubicación dos centros Rías Altas, Andaina e Motespiño os tres seguirán a compartir a zona de influencia fixada na última Resolución da Delegación para o Centro Rías Altas.

Zona de influencia:

Zona Norte do Concello de Culleredo, sendo límite a Autovía do Noroeste, que comprende:

- Zapateira (todo o monte)
- Vilaboa
- O Burgo
- Almeiras
- Culleredo
- Orro
- Sésamo

Zona límite:

Zona Sur do Concello, co límite da Autovía do Noroeste, que comprende:

- Ledoño
- Sueiro
- Veiga
- Celas
- Castelo

ZONA 2 : CPR A PONTE PASAXE

Zona de influencia: Área delimitada por:

- Rúa Miramar
- Urbanización A Ría
- Avda. Fonteculler ata intersección coa Rúa Autonomía
- Rúa Autonomía
- Rúa Condes de Andrade
- Avda. Vilaboa
- Avda. Manuel González Garcés
- Rúa Río Quintas, linde co concello Culleredo co de A Coruña
- Avda. Fonteculler ata o colexio A Ponte Pasaxe

Zona límite:

- Resto do concello de Culleredo




Lonificación CONCELLO DE CULLEREDO

ZONA 2: C.E.I.P.
SOFÍA CASANOVA

ZONA 3: I C.E.I.P.
ISAAC DÍAZ PARDO

ZONA 1: C.E.I.P. TARRIO

ZONA 4: C.E.I.P. RÍA DO BURGO





T.981 66 12 08 · educacion@culleredo.org · www.culleredo.es





CULLEREDO  **EDUCACIÓN**



CULLEREDO CONCELLO

CONCELLARIA DE EDUCACIÓN,
IGUALDADE E FORMACIÓN.

Andrés Pan Vieiro 30, 15670 Burgo, Culleredo T.981 66 12 08 - educacion@culleredo.org - www.culleredo.es